

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 12 DE SETEMBRO DE 2013,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se regulan o libro de visitas da Inspección Turística de Galicia e as follas de reclamacións de turismo.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se dispón que cese Miguel Rodríguez Bugarín como director xeral de Mobilidade.
- Decreto polo que se nomea a María del Camino Triguero Salas como directora xeral de Mobilidade.
- Decreto polo que se aproba a relación e clasificación de estradas de titularidade municipal do concello de Manzaneda.
- Decreto polo que se aproba a relación e clasificación de estradas de titularidade municipal do concello de Parada de Sil.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se declara ben de interese cultural, coa categoría de monumento, o Convento Franciscano de Santo Antonio de Herbón, no termo municipal de Padrón, na provincia da Coruña.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e a Administração Regional de Águas do Norte, relativo ao Proxecto: "Parcería de Apoio Técnico á Consolidación da Administración

Regional de Águas do Norte (Ara-Norte), Mozambique”, por un importe de cento corenta e dous mil cincuenta e seis euros con corenta céntimos (142.056,40 euros).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto do parque eólico Monteagudo, concellos de Arteixo, A Laracha e Carballo, como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, de acordo co previsto na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de cooperación cultural entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Axencia Turismo de Galicia, a Deputación de Ourense e o Concello de Verín, para a construción do Centro Cultural das Artes de Verín, cofinanciado en parte polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2007-2013, por importe total de tres millóns trescentos trinta e catro mil oitocentos oitenta e catro euros con noventa e seis céntimos (3.334.884,96 euros).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio bilateral de colaboración entre a Consellería de Sanidade e a entidade pública empresarial Red.es para o desenvolvemento de servizos públicos electrónicos no sistema sanitario público galego, por un importe total de quince millóns de euros (15.000.000,00 euros).

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o desenvolvemento de actuacións no marco do II Plan galego de inclusión social, cofinanciado polo Fondo Social Europeo (eixo 2, código 71 do P.O do Fondo Social Europeo 2007/2013) e a establecer pagamentos anticipados de contía superior ao establecido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Importe total: un millón setecentos vinte e cinco mil oitocentos dezasete euros (1.725.817,00 euros).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Acordo polo que a Xunta asinará un convenio de colaboración coa Deputación de Pontevedra para a construción do laboratorio agroalimentario de Mouriscade, en Lalín. O Goberno galego autorizou na súa reunión de hoxe a sinatura deste convenio por parte da Consellería do Medio Rural e do Mar, que suporá un investimento total de 2.503.376,77 euros, dos que a Administración autonómica achegará 1,2 millóns e a Deputación asumirá o financiamento restante.
- Acordo polo que se autoriza á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan Marco “Programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2013-2014”, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2007-2013.

INFORMES

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre a evolución do endebedamento no segundo trimestre do 2013.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre o establecemento das bases reguladoras e a convocatoria para a concesión das axudas do programa Bonos de Innovación.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Informe sobre a evolución de entregas e prezos do leite: xullo 2013.

O CONSELLO DA XUNTA APROBOU HOXE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULAN O LIBRO DE VISITAS DA INSPECCIÓN TURÍSTICA E AS FOLLAS DE RECLAMACIÓN DE TURISMO

- ***O novo texto inclúe novidades relacionadas coas follas de reclamacións que poderán ser descargadas directamente da internet e de xeito gratuíto polas empresarias e empresarios turísticos e cos datos de carácter persoal da persoa reclamante***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de decreto polo que se regulan o libro de visitas da inspección turística e as follas de reclamacións de turismo. A Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, establece o dereito das persoas usuarias turísticas a formular queixas e reclamacións, e a obriga das empresas turísticas a ter nos seus establecementos follas de reclamacións facilitadas pola Administración da Xunta de Galicia, cuxas características e procedemento para a tramitación se determinarán regulamentariamente.

No que respecta ao libro de visitas da inspección turística, os artigos 35.i) e 101.2 establecen como obriga das empresarias e empresarios turísticos a de dispoñer nos establecementos do libro de visitas da inspección turística á disposición das inspectoras e dos inspectores de turismo, coas características que regulamentariamente se determinen, en que se reflectirán as inspeccións que se leven a cabo e as súas circunstancias.

No relativo ao libro de visitas da inspección turística, o decreto establece tanto os órganos para a súa expedición, o contido do libro, a súa forma, así como as persoas responsables da súa custodia. Así mesmo, e no que respecta á regulación das follas de reclamacións de turismo, regula a obriga de dispoñer das follas, a súa forma, así como o procedemento para facer as reclamacións.

Entre as novidades do proxecto de decreto en relación coa normativa vixente contida no Decreto 297/2002, do 24 de outubro, polo que se regulan o libro de visitas da Inspección Turística e as follas de reclamacións de turismo, figura que no que respecta ao contido das follas de reclamacións e co obxecto de facilitar a súa formalización polas persoas usuarias turísticas, recóllese unha epígrafe para o pedimento ou solicitude, en que poderá indicarse de xeito expreso se se solicita a incoación dun procedemento sancionador, se se quere someter á arbitrase de consumo o obxecto da reclamación, ou calquera outro pedimento en concreto.

Ao tempo, tamén se inclúen entre as novidades que as follas de reclamacións poderán ser descargadas directamente da internet e de xeito gratuíto polas empresarias e empresarios turísticos obrigados a poñer á disposición das persoas usuarias turísticas as

follas de reclamacións de turismo, ou ben poden seguir solicitándoas ás áreas provinciais da Axencia Turismo de Galicia, logo do aboamento do prezo privado que se fixe na correspondente norma.

Así mesmo, e para a protección da intimidade das persoas reclamantes, establécese que na copia para a empresa ou establecemento turístico se excluirán os datos de carácter persoal da persoa reclamante, agás o seu nome e apelidos, de xeito que non se cause indefensión á persoa contra a cal se dirixe a reclamación.

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A CAMINO TRIGUERO NOVA DIRECTORA XERAL DE MOBILIDADE

- ***Substitúe no posto a Miguel Rodríguez Bugarín, que cesa por petición propia para incorporarse á súa cátedra na Escola de Enxeñaría de Camiños, Canles e Portos da Universidade da Coruña***

O Consello da Xunta nomeou hoxe a María del Camino Triguero Salas como nova directora xeral de Mobilidade, que substitúe no posto a Miguel Rodríguez Bugarín, que cesa tamén no día de hoxe por petición propia para incorporarse á súa tarefa docente e investigadora como catedrático na área de Enxeñaría e Infraestrutura dos Transportes da Escola de Enxeñaría de Camiños, Canles e Portos da Universidade da Coruña.

A nova directora xeral é licenciada en Ciencias Económicas pola Universidade de Santiago e forma parte do corpo superior da Administración pública da Xunta de Galicia desde o ano 1988, onde desempeñou diversos postos de responsabilidade nas consellerías de Traballo, Economía e Política Territorial, relacionados cos servizos de persoal, intervención e control orzamentario.

Tamén ten experiencia no sector do transporte, posto que foi responsable da sección de autorizacións e transportes da CPTOPV entre os anos 2006 e 2008, así como do servizo de mobilidade da Delegación Territorial da Xunta de Galicia na Coruña entre o 2008 e o 2009. Nese ano Camino Triguero incorporouse á S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, onde foi directora de recursos humanos e, posteriormente, directora xerente.


Durante a xestión de Miguel Rodríguez Bugarín, desde maio de 2009 ata a actualidade, acadáronse importantes obxectivos en materia de mobilidade, entre elas a posta en marcha con éxito dos novos plans de transporte metropolitano das áreas da Coruña, Santiago, Ferrol e Lugo, a aprobación da Lei de medidas urxentes para a modernización do sector do transporte público de Galicia, e da Lei de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia (Lei do taxi), así como a elaboración de diversos plans como o de mobilidade alternativa ou o de aparcadoiros disuasorios.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA E FAI PÚBLICA A RELACIÓN DE ESTRADAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL DO CONCELLO DE MANZANEDA

- ***A totalidade de estradas rexistradas neste concello é de 29 vías secundarias que, en conxunto, comprenden unha lonxitude de 55 quilómetros***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o recoñecemento e catalogación das estradas municipais do concello de Manzaneda por parte de Administración autonómica, quen determinou estas como secundarias, tal e como expón o artigo 10 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, que recolle que se entenderá por rede secundaria as estradas non incluídas nas redes básica e complementaria. A totalidade de estradas municipais deste concello ascende a 29 vías secundarias que, en conxunto, comprenden unha lonxitude de 55 quilómetros

Código	Denominación	Lonxitude estrada (m)	Radio mínimo (m)	Largo medio (m)
OU-44001	Manzaneda (OU-0701)-Escourido	1.907	17,26	4,81
OU-44002	(OU-0702) Acceso a Rozavales	237	31,16	3,50
OU-44003	Manzaneda (OU-0701)-Ponte Bibei (L. Concello de Trives)	5.592	10,17	6,00
OU-44004	Manzaneda (OU-0701)-Gabino García	243	67,53	6,35
OU-44005	Manzaneda (OU-0701)-Estación Cabeza de Manzaneda (1º tr.)	9.361	12,68	3,97
OU-44006	Variante Paradela (Estrada vella)	560	38,16	4,50
OU-44007	Variante Paradela de Arriba	274	50,18	3,50
OU-44008	Manzaneda (OU-0701)-Soutipedre (OU-0701)	9.075	11,78	4,00
OU-44009	(OU-44008) Ramal A San Pedro	515	16,29	3,50
OU-44010	Placín (OU-0701)- A Madroa	3.004	10,23	4,50
OU-44011	(OU-44010) Ramal A Touza	165	83,35	3,50
OU-44012	(OU-44010) Ramal A Cubeiros	468	7,21	3,50
OU-44013	(OU-44010) Ramal A Faceira	85	100,20	3,50
OU-44014	(OU-44010) Ramal A Borruga	89	21,38	3,50
OU-44015	Cesuris (OU-44008)-Cimadevila de Langullo	1.915	10,07	3,50
OU-44016	(OU-0701) Ramal A Placín	143	81,57	3,25
OU-44017	(OU-0701) Ramal A Requeixo	1.124	48,80	3,50
OU-44018	(OU-0701) Ramal A Trabazos	1.667	11,06	4,00
OU-44019	(OU-44018) Enlace Trabazos (OU-44020)	265	65,88	3,50
OU-44020	San Miguel (OU-0701)-San Vicenzo	3.457	13,06	4,00
OU-44021	(OU-44020) Ramal A Rebodopó	2.960	23,53	3,50
OU-44022	(OU-0701) Estrada A Bidueira	893	26,53	3,33
OU-44023	(OU-0701) Ramal A Bidueira	1.047	17,13	3,25
OU-44024	Cimadevila (Reigada)	153	21,61	3,00
OU-44025	A Reigada	127	41,64	3,00
OU-44026	(OU-0701) Reigada-Dernado (Límite Concello do Bolo)	6.140	16,34	3,92
OU-44027	(OU-0701) Ponte Reigada-Encoro do Bao (Límite Concello do Bolo)	3.043	6,29	4,00
OU-44028	(OU-0701) Antiga estrada (OU-0701)	336	12,50	3,75
OU-44029	Camiño Seoane	393	24,69	3,50
	Lonxitude total das estradas provinciais....	55.238		
	Número de estradas municipais.....	29		



O CONSELLO DA XUNTA APROBA A RELACIÓN DE ESTRADAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL DO CONCELLO DE PARADA DE SIL

- ***Este concello da provincia de Ourense xestiona un total de 32 estradas, que suman máis de 50 quilómetros***
- ***Trátase de vías secundarias***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe a relación e clasificación de estradas de titularidade municipal do concello de Parada de Sil. En total, este concello xestionará e conservará un total de 32 vías da rede secundaria que suman un total de 50,3 quilómetros de lonxitude.

O expediente tramitouse ao abeiro dos artigos 6 e 10 da vixente Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, que lle atribúe ao Consello da Xunta a competencia para aprobar a relación e clasificación das estradas de titularidade das entidades locais, en defecto do correspondente plan.

O pasado 23 de xullo de 2013, a Deputación Provincial de Ourense solicitou á Xunta de Galicia, por instancia do Concello de Parada de Sil, a aprobación da relación de estradas de titularidade municipal do devandito concello, ao abeiro do artigo 6.b) da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de Estradas de Galicia, e demais lexislación relacionada.

Código	Denominación	Lonxitude estrada (m)	Raio mínimo (m)	Largo medio (m)
OU-57001	Parada de Sil (OU-0605)-Mosteiro de Santa Cristina	4.290	6,19	3,50
OU-57002	Acceso a Portela	1.000	55,36	3,50
OU-57003	Campo da Feira – Cruzamento de Luíntra	376	39,63	3,25
OU-57004	Parada do Sil-Balcón de Madrid	859	12,20	3,25
OU-57005	Parada de Sil (OU-0605)-Fondo de Vila	242	30,51	3,50
OU-57006	(OU-0605) Acceso a Sardela	187	10,77	3,50
OU-	Chandrexa (OU-0605)-Entrambosríos	918	21,85	3,50



57007				
OU-57008	Arrabaldo (OU-0605)-Purdeus (OU-0605)	1.532	10,13	4,00
OU-57009	Ramal a Eirexa	131	28,62	4,50
OU-57010	O Campo (OU-57008)-Rabacallos	1.696	11,48	3,50
OU-57011	Purdeus-San Andrés	249	11,71	3,25
OU-57012	(OU-0605) A Rampa-(OU-0605) A Bouzas	2.845	11,03	3,50
OU-57013	Chouza do Canelas-Calvos (Treito 1)	121	34,14	3,25
OU-57014	Chouza do Canelas-Calvos (Treito 2)	135	84,61	3,25
OU-57015	(OU-57008) Acceso a Barxa (O Porto)	296	25,64	3,25
OU-57016	(OU-0605) San Adrián-San Lourenzo	1.521	6,02	3,25
OU-57017	(OU-0605) Barxacova	431	21,26	3,25
OU-57018	Barxacova-Río Mao	459	8,34	3,25
OU-57019	(OU-0604) Casadobento-Pombar-(Limita Concello Montederramo)	8.705	14,14	4,00
OU-57020	(OU-57)-(OU-57) Ivil	898	32,58	3,25
OU-57021	(OU-57013) A Portela-Presa Edada	3.728	8,18	3,25
OU-57022	Senra-As Lameiras	1.325	26,95	3,50
OU-57023	(OU-0604) Fios-Pombar	4.517	10,25	4,00

OU-57024	(OU-0604) Casadobento-Paradellas	2.937	22,90	4,00
OU-57025	Acceso a Celeirón	364	35,07	3,25
OU-57026	Paradellas-Límite Concello Montederramo	673	46,68	4,00
OU-57027	Teimende-Xunqueira de Espadanedo	6.430	26,19	7,00
OU-57028	Caxide (OU-0508)-Requián (OU-57026)	1.149	26,24	3,50
OU-57029	Alto de Gándaras (OU-0508)-Couto-Coutiño (OU-57026)	1.306	21,83	4,00
OU-57030	Couto-Santigueiro (OU-57026)	867	10,12	4,00
OU-57031	(OU-604) Tourel	182	148,97	3,25
OU-57032	(OU-604) Edrada	162	31,98	3,50
	Lonxitude total das estradas provinciais....	50.531		
	Número de estradas municipais.....	32		

A XUNTA DE GALICIA DECLARA O CONVENTO DE HERBÓN BEN DE INTERESE CULTURAL, RESPECTANDO A COMPATIBILIDADE DA ACTIVIDADE AGRARIA CO SEU ÁMBITO DE PROTECCIÓN

- ***O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe para a nova protección deste ben, dando así resposta a unha demanda histórica e harmonizándoa coas demandas da comunidade veciñal de respecto da plantación de pementos***
- ***O decreto aprobado hoxe producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia***

O Consello da Xunta declarou ben de interese cultural (BIC), coa categoría de monumento, o Convento Franciscano de Santo Antonio de Herbón, no termo municipal de Padrón. Esta medida dá a máxima protección para esta mostra excepcional da arquitectura relixiosa en Galicia, á vez que atende ás peticións do propio Concello de Padrón e da comunidade veciñal, que solicitaban a compatibilidade coa actividade agraria, en especial co cultivo do pemento de Herbón, dentro do ámbito de protección do ben, sempre que se manteñan a estrutura territorial e as características xerais da paisaxe cultural do ámbito, fundamentalmente agraria. Deste xeito, compatibilizarase a protección como BIC co respecto á economía agraria local.

O ámbito de protección do BIC estenderase ao outro lado do río Ulla, incluíndo o bosque autóctono tradicional que rodea o convento. Ademais, a maiores do conxunto de elementos que compoñen o complexo conventual de Santo Antonio de Herbón, a franxa incluirá tamén a Igrexa de Santa María de Herbón, que xa en si mesma está declarada como ben de interese cultural. O obxectivo é elaborar un contorno homoxéneo que garanta a preservación deste espazo e a súa contemplación, tanto desde o propio ben como desde os puntos de vista próximos.

Respecto ás demandas dos veciños e ao uso do solo, na demarcación do ámbito de protección, tívose especial coidado en establecer límites obxectivamente recoñecibles, sempre que iso fose posible e a liña perimetral do contorno trazouse sobre camiños e lindes de parcelas. En calquera caso, permitírase a implantación de invernadoiros con destino exclusivo ao uso agrario que se instalen con materiais lixeiros e facilmente desmontables en todo o ámbito afectado pola declaración de ben de interese cultural. A súa tipoloxía, condicións de deseño e dimensións, deberá ser congruente coas características do contorno e alterar o mínimo posible o carácter paisaxístico da zona; e non poderán impedir a contemplación do conxunto protexido.

Elementos de gran valor patrimonial

Coa declaración de Convento de Santo Antonio de Herbón como BIC, a Consellería de Cultura e Educación recoñece o importante valor patrimonial deste convento, que conta con elementos de gran valor cultural, merecedores da máxima protección. Neste sentido salientan tanto o adro - coa estatua de San Francisco- como o claustro, cruceiro, patio

e o coñecido como 'pavillón do cardeal', en honra do arcebispo Martín Herrera. A sancristía barroca do convento, construída no ano 1730, está tamén considerada como unha obra meritoria da arquitectura conventual galega, un valor compartido coa imaxinería - na súa maior parte traballos de Xosé Gambino e Xosé Ferreiro-, o conxunto de retablos, o cadeirado dos freires o órgano do templo, e outras pezas como un cadro da virxe de Guadalupe realizado en México arredor do ano 1734.

Ademais da importancia histórica do inmovible froito da súa propia natureza, morfoloxía e devir histórico e da relevancia artística dos bens mobles e accesorios que forman parte integrante del, cómpre mencionar que na horta conventual conviven espazos destinados á produción hortofrutícola con outros elementos ornamentais que inciden no valor ambiental do lugar. Así, xunto á celebre palmeira de Palestina- traída, segundo di a tradición, dende Xerusalén no século XV por un freire, ou, segundo algúns, polo trovador Xoán Rodríguez de Padrón -, e o estanque e a fonte de San Francisco, alternan xardíns, prados, viñedos ou froiteiras, e toda una variada mostra de produtos procedentes dos máis variados lugares. Non en balde o convento serviu, na súa época de dedicación como colexio de misioneiros, como entrada de plantacións importadas de ultramar, tales como patacas e pementos, que unha vez adaptados a este territorio se incorporaron á tradición popular.

A XUNTA COLABORARÁ CON MOZAMBIQUE PARA A MELLORA DA XESTIÓN DA AUGA NAS BACÍAS DO NORTE DESTA PAÍS AFRICANO, PARA CONTRIBUÍR AO INCREMENTO DA CALIDADE DE VIDA DA POBOACIÓN

- *A xestión da auga no norte de Mozambique é na actualidade moi precaria o que favorece a proliferación de enfermidades por contaminación de augas, maior vulnerabilidade ante inundacións ou secas e dificultades na consolidación de abastecementos para a poboación*
- *Compartir a experiencia de Augas de Galicia no referente á xestión de baciashidrográficas coa Administración Rexional de Águas do Norte de Mozambique contribuirá á mellora da calidade de vida da poboación a través dunha mellor xestión da auga*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través de Augas de Galicia, e a Administração Rexional de Águas do norte (ARA-Norte) de Mozambique, co fin de garantir o desenvolvemento da xestión dos recursos hídricos e das infraestruturas hidráulicas no norte do país africano, para contribuír á redución da pobreza da poboación.

A xestión da auga no norte de Mozambique é na actualidade moi precaria, o que favorece a proliferación de enfermidades por contaminación de augas, maior vulnerabilidade ante inundacións ou secas e dificultades na consolidación de abastecementos para a poboación. O proxecto pretende mellorar esta xestión e a consolidación administrativa da ARA-Norte nas bacías hidrográficas internas de Montepuez, Messalo e Megaruma.

A ARA-Norte é o organismo encargado da xestión das bacías hidrográfica do norte de Mozambique, polo que a experiencia de Augas de Galicia, tamén organismo de bacía (neste caso da Demarcación Galicia-Costa), pode brindar un apoio clave na consolidación e desempeño das competencias desta administración mozambicana.

O proxecto foi presentado por Augas de Galicia, ante a Unión Europea, para o seu financiamento mediante fondos europeos de cooperación para o desenvolvemento. O cofinanciamento necesario é proporcionado pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores coa Unión Europea da Xunta de Galicia que, no seu momento, considerou o proxecto interesante para a súa inclusión no Plan de cooperación galega para o desenvolvemento. Deste modo, dun investimento total de 531.980 euros a Unión Europea achega 393.980 euros e a Comunidade Autónoma os restantes 138.000 euros.

O convenio de colaboración que aproba hoxe o Consello da Xunta consolida o compromiso tanto da ARA-Norte como de Augas de Galicia co proxecto. Deste modo a ARA-Norte xestionará directamente algo máis de 142.000 euros, cantidade que lle será

transferida, ao longo da execución do proxecto por Augas de Galicia, por ser esta a entidade coordinadora do proxecto. O resto do montante será xestionado por Augas de Galicia e os socios de apoio con que foi presentada a proposta á Unión Europea: a Universidade de Coruña, a Universitat Politècnica de Catalunya e a Consultoría Amphos'21, aínda que a beneficiaria final das actuacións destes socios é, en todo caso, a ARA-Norte.

A XUNTA APROBA O PARQUE EÓLICO MONTEAGUDO CUN INVESTIMENTO DE 24 MILLÓNS, NOS CONCELLOS DE CARBALLO, A LARACHA E ARTEIXO

- ***Con esta instalación, que contará con 7 aerogeradores e cunha potencia total de 19 MW, Galicia avanza na produción de enerxía a partir de fontes renovables***
- ***A infraestrutura suporá unha nova fonte de financiamento para os municipios a través dos ingresos que percibirán polo canon eólico***

O Consello da Xunta aprobou definitivamente o parque eólico Monteagudo como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, o que supón o último paso na tramitación autonómica deste parque que estará composto por 7 aerogeradores que, cunha potencia total de 19 MW, beneficiará os concellos de Carballo, A Laracha e Arteixo.

A aprobación desta nova instalación de produción de enerxía a partir de fontes renovables, que recolle un investimento de máis de 24 millóns de euros, supón un novo avance na aposta estratéxica do Goberno galego polo desenvolvemento deste tipo de enerxías máis limpas, así como un paso máis na redución de fontes contaminantes e da dependencia do exterior.

Neste sentido, cómpre destacar que a Consellería de Economía e Industria está a apoiar un modelo de desenvolvemento da enerxía eólica orientado á recuperación do liderado neste sector e á creación de emprego e riqueza para a sociedade. Dentro desta estratexia, o Goberno galego ten moi en conta os concellos, de xeito que por medio do canon eólico xa se recadaron máis de 91 millóns de euros destinados aos municipios.

Neste contexto, o novo proxecto suporá unha importante fonte de financiamento para os concellos de Carballo, A Laracha e Artexio, que poderán beneficiarse da recadación obtida do mencionado canon.

O prazo de execución previsto para o parque eólico Montegudo, ata a completa posta en marcha das instalacións, é de 9 meses a partir do inicio das obras, para as cales a empresa promotora, Eólica Gallega del Atlántico, S.L., deberá agora solicitar a licenza municipal.

A autorización do parque complementa os pasos xa dados para a súa evacuación, entre os que se inclúe a tramitación dunha liña eléctrica de alta tensión que unirá a futura subestación do parque eólico coa de Morás. Esta liña, composta por un tramo aéreo e dous soterrados, contará cunha lonxitude superior aos 15,5 quilómetros, e dispón dun orzamento de máis de 2,1 millóns de euros.

A XUNTA, A DEPUTACIÓN DE OURENSE E O CONCELLO DE VERÍN INVESTIRÁN MAÍS DE 3,3 MILLÓNS DE EUROS NA CONSTRUCCIÓN DO CENTRO CULTURAL NESTE MUNICIPIO OURENSÁN

- ***A edificación albergará un auditorio principal, cafetería, aseos e zona administrativa***

A Xunta de Galicia, a Deputación de Ourense e o Concello de Verín investirán máis de 3,3 millóns de euros na construción do Centro Cultural deste municipio ourensán, dando así cumprimento a un compromiso xurdido xa no ano 2010, no que o Goberno municipal e a antiga Consellería de Cultura e Turismo asinaron un convenio de colaboración para a redacción do proxecto desta infraestrutura. Para iso, o Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á sinatura dun convenio entre todas as partes implicadas, nomeadamente as consellerías de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a Axencia Turismo de Galicia, a Deputación e mais o Concello de Verín, a través do cal se financiará a actuación. Cómpre sinalar, ademais, que estas obras estarán cofinanciadas en parte polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013.

Segundo o programado, a edificación albergará un auditorio principal, cafetería, aseos e zona administrativa. Do total do orzamento, a Xunta de Galicia achegará máis do 84%, mentres que a Deputación de Ourense proporcionará o 16% restante e o Concello será o encargado da contratación, execución, dirección, control e recepción das obras.

O obxectivo é crear un espazo para que toda a cidadanía da comarca poida dispoñer dun espazo para gozar da ampla oferta de actividades culturais que ofrecen tanto a Consellería de Cultura e Educación como as diferentes asociacións e compañías da nosa terra. Trátase dunha nova aposta por achegar a cultura a toda a cidadanía galega, con especial atención ás zonas do rural máis afastadas dos circuitos habituais das grandes cidades, a través da creación dun espazo necesario na localidade de Verín, que non conta na actualidade con ningún centro axeitado e coa capacidade suficiente para acoller estas actividades culturais.

SANIDADE E O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE ASINAN UN CONVENIO DE COLABORACIÓN DE 15 MILLÓNS DE EUROS CON RED.ES PARA CONSOLIDAR O USO DAS TIC NA SANIDADE

- ***As actuacións na atención a enfermos crónicos e a dotación de infraestruturas tecnolóxicas, con especial énfase naquelas necesarias para o arranque do novo hospital de Vigo son algunhas das principais liñas de actuación do acordo***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Red.es e a Consellería de Sanidade - Servizo Galego de Saúde para o desenvolvemento de servizos públicos electrónicos no sistema sanitario público de Galicia cun plan de traballo entre 2013-2015.

Este convenio enmárcase dentro da Axenda Dixital para España aprobada no Consello de Ministros o pasado mes de febreiro como novo plan estratéxico nacional no ámbito das TIC.

O investimento do convenio marco que recolle esta actuación ascende a un importe máximo de 15 millóns de euros, 12 deles con cargo aos fondos europeos FEDER do período de programación 2007-2013, mentres que os outros tres millóns de euros son aportados pola Consellería de Sanidade.

As principais liñas de actuación deste convenio son a dotación de infraestrutura tecnolóxica, que abrangue tanto a subministración e instalación de infraestrutura TIC coma os servizos asociados. Está previsto incluír dentro dela as necesidades tecnolóxicas do novo hospital de Vigo, así como a consolidación da historia clínica electrónica e a receita electrónica. Outra das grandes actuacións do convenio está enmarcada no eido de atención a enfermos crónicos, a través do desenvolvemento de produtos TIC especificamente orientados a mellorar a atención que o Sergas presta a estas familias.

Ademais, o convenio recolle actuacións de difusión, actuacións para a xestión e seguimento das iniciativas realizadas, e actuacións para o fomento do uso do DNle como mecanismo de identificación no Sergas.

A XUNTA DESTINA DURANTE ESTE ANO MÁIS DE 1,7 MILLÓNS DE EUROS AO PLAN DE INCLUSIÓN QUE BENEFICIOU A MÁIS DE 2.300 PERSOAS EN 2012

- ***Dezanove equipos de técnicos desenvolven en todo o territorio galego accións a prol da inserción social e laboral de persoas en situación ou risco de exclusión***
- ***Un total de 652 accederon a un posto de traballo das 2.316 persoas que participaron nesta iniciativa o ano pasado***

A Consellería de Traballo e Benestar achega este ano un total de 1.725.817,00 euros ao II Plan galego de inclusión social 2007-2013, que xestiona o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio para a realización da devandita achega. O II Plan galego de inclusión social está cofinanciado polo Fondo Social Europeo e pola Xunta de Galicia.

Así, o Consorcio conta con 18 oficinas de inclusión en distintos concellos das catro provincias galegas desde as que equipos de técnicos desenvolven un traballo de alcance comarcal a prol da inclusión social dos colectivos máis desfavorecidos. As devanditas oficinas están situadas nos concellos de Ames, Arzúa, Carballo, Noia e As Pontes de García Rodríguez na provincia da Coruña; Baralla, Begonte, Mondoñedo e Monforte de Lemos, en Lugo; O Carballiño, Celanova, A Rúa e Xinzo de Limia, na provincia de Ourense e, por último, nos concellos pontevedreses de Gondomar, Lalín, Marín, O Porriño e Vilagarcía de Arousa.

Un equipo máis desenvolve este labor no Centro Penitenciario de Teixeiro, onde traballan con reclusos con data próxima de saída do cárcere que, a través do Plan, se preparan para a vida en liberdade.

O obxectivo principal deses equipos é promover a inserción social e laboral dos colectivos en situación ou risco grave de exclusión social mediante o desenvolvemento de itinerarios personalizados e integrais de inserción, desde unha perspectiva ligada ás potencialidades do territorio e ao seu tecido social e produtivo.

Eses itinerarios, deseñados polos técnicos coa participación activa das persoas destinatarias, inclúen un conxunto de servizos, prestacións e accións de orientación, formación e emprego, que dependendo do perfil poden ser accións formativas, prácticas en empresas en distintos postos (como caixeiro, carreteiro ou repoñedor, por exemplo) ou, cando as circunstancias así o requiren, actividades de desenvolvemento persoal e de adquisición de habilidades sociais.

O ano pasado, o total de persoas que se beneficiaron das distintas accións do II Plan galego de inclusión social foi de 2.316 e delas 652 accederon a un posto de traballo. Desde o ano 2008 esas actuacións chegaron xa a 12.251 persoas.

Estas accións teñen como marco de referencia os obxectivos en materia de protección e inclusión social adoptados pola Unión Europea nos cumios de Lisboa a Niza do ano 2000, e actualizados mediante a comunicación da Comisión do 22 de decembro de 2005, que establece “un novo marco para a coordinación aberta das políticas de protección social e inclusión social na Unión Europea”, e nos informes conxuntos da Comisión e do Consello de marzo de 2006 e febreiro de 2007.

É preciso lembrar que o II Plan galego de inclusión social 2007-2013 enmárcase na aposta da Xunta polas persoas máis vulnerables, un eido que está a priorizar nas súas políticas. Proba deste esforzo é que este ano a Consellería de Traballo e Benestar está a destinar a este ámbito máis de 42 millóns de euros en actuacións como a renda de inclusión social de Galicia, as axudas de emerxencia social ou as subvencións a entidades sociais como, por exemplo, as que xestionan comedores, albergues e casas de acollida.

XUNTA E DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA COLABORARÁN NA CONSTRUCCIÓN DO LABORATORIO AGROALIMENTARIO DE MOURISCADE, EN LALÍN

- ***O Goberno galego autorizou a sinatura dun convenio entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e o organismo provincial pontevedrés para levar a cabo esta iniciativa, que suporá un investimento total de 2,5 millóns de euros***

A Xunta asinará un convenio de colaboración coa Deputación de Pontevedra para a construción do laboratorio agroalimentario de Mouriscade, en Lalín (Pontevedra). O Goberno galego autorizou na súa reunión de hoxe a sinatura deste convenio por parte da Consellería do Medio Rural e do Mar, que suporá un investimento total de 2.503.376,77 euros, dos que a Administración autonómica achegará 1,2 millóns e a Deputación asumirá o financiamento restante.

A actual carga de traballo da Finca de Mouriscade, que xestiona o organismo provincial, fai necesaria a ampliación das súas instalacións para optimizar a súa funcionalidade. Neste centro desenvólvense labores destinados á mellora do gando e da súa alimentación, de cara a facer máis competitivas as explotacións.

Co traballo que se fai nestas instalacións contrólanse pensos, forraxes e materias primas tanto de Galicia como doutras zonas de España e mesmo do norte de Portugal, coa finalidade de contribuír á mellora na seguridade alimentaria do gando.

Con este convenio a Xunta amosa unha vez máis a súa aposta polo desenvolvemento do rural, continuando coa liña de apoio ao sector agrario e contribuíndo así a unha maior competitividade das explotacións. Ponse de manifesto, ademais, a importancia do traballo conxunto das diferentes administracións –neste caso a autonómica e a provincial– para acadar obxectivos de interese xeral.

OS CONCELLOS DE GALICIA PODERÁN BENEFICIARSE DE 14 MILLÓNS DE EUROS DE AXUDAS PARA A MELLORA DE CAMIÑOS

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a concesión directa destas axudas cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e enmarcadas no Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007-2013***

Os concellos de Galicia poderán beneficiarse de 14 millóns de euros de axudas para a mellora de camiños. O Consello da Xunta autorizou hoxe á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) a concesión directa destas axudas cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e enmarcadas no Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007-2013.

O obxectivo destas subvencións é que durante os anos 2013 e 2014 os concellos poidan realizar actuacións de mellora das infraestruturas básicas no medio rural e a mellora dos accesos e da comunicación da rede viaria de titularidade municipal que resultasen danados. Para iso os 14 millóns de euros distribuiranse entre todos os concellos de Galicia en base a uns criterios consensuados coa Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP).

O Plan Marco

O Plan Marco a través do que se conceden estas axudas ampárase no (CE)1698/2005, do Consello, do 20 de setembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e no Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007-2013, dentro da medida 321.32 destinada aos "Servizos básicos para a economía e a poboación rural. Infraestruturas."

O seu obxectivo principal é mellorar as condicións de vida dos residentes nas áreas rurais, poñendo en valor as dotacións existentes de infraestruturas básicas, e levar a cabo actuacións dirixidas a fomentar a implantación e mellora dos servizos básicos demandados pola poboación rural.

GALICIA REDUCIU O SEU ENDEBEDAMENTO NO SEGUNDO TRIMESTRE EN MÁIS DE 128 MILLÓNS DE EUROS

- *Galicia diminuíu o seu nivel de endebedamento en dúas décimas respecto ao primeiro trimestre, ao pasar do 16,9% do PIB ao 16,7%*
- *Tampouco medra a débeda en empresas públicas, que segue a estar moi por debaixo da media, nun exercicio de transparencia*
- *A Comunidade galega seguirá reducindo ata final de ano a ratio de débeda ata terminar no 16,1% do PIB, tres puntos menos que a media das CC.AA.*
- *Ampliáramos a diferencial porque non precisou nin un só euro dos mecanismos de axuda estatal*
- *Galicia volve ter os mercados abertos na segunda metade do ano e acaba de asinar un préstamo co BEI por 100 millóns de euros para financiar investimentos*
- *Esta operación é a primeira realizada da autorización adicional do 0,5% do déficit e faise cun tipo de xuro inferior á débeda española a cinco anos*
- *Galicia xa fora a primeira autonomía en colocar toda a súa débeda autorizada anteriormente, en tan só o primeiro trimestre do ano*

Galicia reduciu o seu endebedamento no segundo trimestre do ano en máis de 128 millóns de euros, ao pasar dunha ratio débeda/PIB do 16,9% no peche do primeiro trimestre ao 16,7%. Deste xeito, a Comunidade galega logra rebaixar o seu nivel de endebedamento nun momento en que crece no conxunto das autonomíaas.

Segundo reflicte un informe presentado no Consello da Xunta hoxe pola conselleira de Facenda, Elena Muñoz Fonteriz, Galicia rematará o ano cun diferencial positivo de 3 puntos respecto á media autonómica. Así, Galicia prevé pechar o exercicio 2013 cun endebedamento do 16,1%, fronte ao 19,1% previsto no conxunto das comunidades.

Así mesmo, a Comunidade galega tampouco incrementou a débeda correspondente ás empresas públicas, que segue situada moi por debaixo da media das CC.AA. Isto supón un exercicio de transparencia por parte da Administración galega.

Ademais, Galicia aumentará ata final de ano o diferencial co conxunto das comunidades autónomas porque non precisou nin un só euro dos mecanismos de axuda postos en marcha polo Estado. A Comunidade galega xa anunciou que non se acollerá en 2013 ao Fondo de Liquidez Autonómica (FLA) –igual que en 2012- e tampouco precisará acudir ao mecanismo de pago a provedores.

Préstamo co BEI

De feito, a comunidade segue tendo os mercados abertos nesta segunda metade do ano e por iso acaba de asinar un préstamo co Banco Europeo de Investimentos (BEI) por 100 millóns de euros, que permitirá financiar investimentos.

En concreto, trátase da primeira operación realizada dentro da autorización adicional do 0,5% de déficit, tal como se aprobou no Consejo de Política Fiscal y Financiera (CPFF) do pasado 31 de xullo. O prazo da operación é de 20 anos, con cinco de carencia, e cun tipo de xuro inferior á débeda española a cinco anos.

Galicia xa foi a primeira comunidade en completar o seu programa anual de endebedamento para 2013. É por iso que durante os seguintes trimestres deste ano Galicia mellorará a súa posición comparativa co resto de autonomías e aumentará o diferencial, porque estas terán que seguir acudindo ao recurso do endebedamento.

Ademais, a confianza que xera a solvencia de Galicia permitiulle acceder aos mercados en condicións vantaxosas, mentres que outras comunidades non son capaces de colocar a súa débeda. En todo caso, Galicia vén mantendo unha posición responsable e de prudencia na súa política de endebedamento.

A XUNTA DESTINA 1,5 MILLÓNS AOS BONOS DE INNOVACIÓN PARA IMPULSAR A PARTICIPACIÓN DAS PEMES GALEGAS EN PROGRAMAS DE I+D

- ***Esta liña de axudas configúranse como unha medida incentivadora totalmente innovadora en Galicia que facilita ao tecido empresarial o acceso a financiamento de programas nacionais e europeos***
- ***A Axencia Galega de Innovación homologará axentes facilitadores, que colaborarán coas pequenas e medianas empresas na preparación de proxectos de I+D+i capaces de captar financiamento***
- ***O obxectivo é incentivar a captación de financiamento nacional e europeo por parte dos axentes do Sistema galego de innovación***

A Xunta de Galicia, no seu obxectivo de promover a innovación no tecido empresarial galego como unha das claves para a súa mellora competitiva, está a traballar no desenvolvemento dunha estratexia integral e pioneira en I+D+i. Neste sentido, a Consellería de Economía e Industria porá en marcha a vindeira semana unha novidosa medida innovadora dirixida a facilitarlles ás pemes da Comunidade o acceso a financiamento procedente de programas nacionais e europeos.

Os bonos de innovación configúranse como unha medida incentivadora en Galicia, dotada con 1,5 millóns de euros para o período 2013-2015, e que ten por obxectivo final incrementar a capacidade competitiva do tecido empresarial para acceder aos recursos de financiamento nacionais e internacionais. Para isto, a Axencia Galega de Innovación homologará axentes intermedios e financiará a súa contratación para guiar ás empresas na preparación de proxectos de I+D+i capaces de captar financiamento de convocatorias do Goberno central e da UE.

O programa de axudas, do que se informou hoxe ao Consello da Xunta, enmárcase na aplicación da Estratexia estatal de innovación en Galicia (e2i) que, a través dun convenio de 35 millóns de euros entre a Xunta e o Goberno central, está a permitir abordar un conxunto de actuacións estratéxicas para o Sistema galego de I+D+i. Neste caso, o obxectivo final dos bonos pasa por facilitar as maiores vías de acceso posibles ao financiamento por parte das empresas galegas, en especial das pemes, para garantir a sustentabilidade da actividade innovadora como fonte de competitividade e crecemento económico para Galicia.

Esta liña de actuación, que se activará nos vindeiros días mediante a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), premia así aos axentes do Sistema galego de innovación capaces de atraer financiamento competitivo procedente de distintos fondos nacionais e europeos, o que implicará a obtención de retornos que multiplicarán o investimento levado a cabo pola Xunta neste bonos.

Deste xeito, a Consellería de Economía e Industria contribúe a superar as barreiras clásicas que se lles presentan ás pemes galegas no seu acceso ao financiamento procedente, en primeiro lugar, de convocatorias nacionais para proxectos innovadores, con especial atención ao programa INNPACTO e ás liñas de apoio do Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial (CDTI).

Polo que se refire ás convocatorias europeas, preténdese facilitar o acceso ao 7º Programa marco de I+D, aos programas bilaterais e multilaterais –Eureka e Iberoeka–, ao Programa Eurostars, ao Programa marco de innovación e competitividade (CIP) e ao Mecanismo financeiro do espazo económico europeo (EEA Grants).

Este tipo de convocatorias recomenda un coñecemento especializado dos requisitos pola complexidade que entraña a presentación de propostas de calidade e a necesidade de formar consorcios para participar en case todos eles, o que frecuentemente excede a capacidade dos equipos de profesionais das pemes. Por este motivo, a Axencia Galega de Innovación homologará axentes expertos nestas tarefas e facilitará a súa contratación por parte das empresas galegas financiando os custos mediante bonos.

Os bonos funcionarán como incentivos e serán trocables como pagamento dos servizos prestados polos axentes, previamente homologados para garantir a calidade do seu traballo. A súa contía estará establecida en función da calidade do proxecto e do número de socios que participen nel.

O PREZO DO LEITE ACADA EN GALICIA O SEU VALOR MÁIS ALTO DESDE A CRISE DE 2009

- ***No mes de xullo de 2013 acadou os 0,345 euros por litro, 1,5 céntimos de euro máis que o mes anterior***
- ***O diferencial do prezo aboado aos produtores galegos respecto aos do resto de España é hoxe practicamente inexistente***

O prezo do leite no mes de xullo de 2013 acadou en Galicia os 0,345 euros por litro; 1,5 céntimos de euro máis que o mes anterior. Este é o prezo máis alto desde a crise de 2009, segundo reflicte un informe sobre a materia en que se deu conta hoxe no Consello da Xunta.

Este documento indica tamén que o prezo do leite en Galicia se incrementou desde xullo de 2012 en 6,1 céntimos/litro, o que supón un aumento do 21,4%.

No informe recóllese ademais, como feito significativo, que o diferencial do prezo aboado aos produtores galegos respecto aos do resto de comunidades autónomas, que chegou a acadar os 2,8 céntimos de euro/litro en xuño de 2012, é practicamente inexistente, pois en xullo de 2013 foi tan so de 0,1 céntimos de euro/litro.

A maiores, o documento analizado polo Goberno galego indica que os produtores galegos ingresaron de media un 25% máis no mes de xullo de 2013 que no mesmo mes do ano anterior, malia rexistrarse unha lixeira redución da produción leiteira.

A produción de leite durante esta campaña é lixeiramente inferior á da campaña anterior. As previsións apuntan a un incremento da produción de aquí a finais de ano.

Como factores desencadenantes do prezo actual do leite, cómpre sinalar a diminución da produción respecto á campaña anterior e o aumento da demanda internacional de produtos lácteos, debido a un descenso da produción en Oceanía motivada pola seca que padeceron este ano.

Tamén incidiu na formación deste prezo a entrada en vigor das medidas do chamado paquete lácteo e as actuacións da Xunta de Galicia e da Administración central tendentes a vertebrar a cadea alimentaria e a aumentar o poder negociador do sector produtor, que fixo que o prezo do leite se incrementara desde xullo de 2012.